

# TERRA

## *Sebastião Salgado*

*movemento dos sen terra*

**exposición de fotos**

ES R MENÉNDEZ P DAL CURSO 2004-2005

*Exposición cedida por Arquitectos sen fronteiras.

***Sebastião Salgado*** naceu en Aimorés, Brasil, en 1944, é un fotógrafo apasionado pola condición humana. O conxunto da súa obra foi premiado en diversas ocasións, destacamos o Gran Premio Nacional de Francia, o premio "Rey de España" foi elexido por dúas veces como o mellor periodista do ano polo Centro Internacional de Fotografía de New York. Pódese decir que o centro do seu interese son os momentos da poboación a escala mundial.

***Terra,*** nome da exposición é unha mostra da solidariedade de Sebastião Salgado, co Movemento dos Sen Terra, nela móstrase a terra de Brasil, inxustamente acaparada por uns cantos. As fotos falannos de:

- Os efectos da enorme concentración de facendas.
- O traballo cotidiá de millós de homes e mulleres rurais.
- Do éxodo cara as grandes cidades, da vida nos extrarradios das grandes urbes.
- Dos conflictos agrarios e da violencia que padece esta xente.
- Da loita dos campesinos sen terra para recuperala, como garantía de vida, de cidadanía e de dignidade.

***O Movemento dos Traballadores Rurais Sen Terra (MST)*** é unha organización presente en todo o Brasil, loitan por unha reforma agraria e un cambio social que fagan posible un desenrolo máis xusto, partindo do acceso de tódalas persoas a ós recursos dispoñibles á seguridade alimenticia e a unha verdadeira democracia participativa.